



iniciativas no rural galego

| | |
|--------------------|---|
| Iniciativa | A Cova da Terra |
| Enderezo | Rúa das Noreas, 12. 27001 Lugo |
| Web | www.covadaterra.org |
| E-mail | covadaterra@yahoo.es |
| Persoa de contacto | Marta Pérez Freire |
| Fórmula xurídica | Asociación sen ánimo de lucro |
| Vídeo | https://www.youtube.com/watch?v=Sp4FKpNDNTY |

A experiencia

A Cova da Terra é unha asociación pioneira en Galicia no impulso do comercio xusto e o consumo responsable. Situada na cidade de Lugo, abrangue catro grandes áreas de traballo: a tenda, como ferramenta para un consumo responsable; o local social, onde se realizan actividades de banca ética, feminismo, enerxías renovables, cooperación internacional...; o centro de recursos Kandahaira, que funciona como biblioteca e centro de documentación, e o proxecto educativo.

Dentro deste último, a Cova da terra busca formar e sensibilizar na promoción dunhas relacións económicas xustas. Un dos seus proxectos son 'As mulleres alimentan o mundo', a través do cal realizan obradoiros con mulleres do medio rural e promoven o encontro con mulleres doutros países en torno ao concepto de soberanía alimentaria.

Coa iniciativa 'De aquí, xusto e ecolóxico' A Cova da Terra impulsa a concepción do espazo rural como un espazo de oportunidade para mudar as relacións económicas e as relacións coa natureza. Impulsa iniciativas ecolóxicas e sustentables e busca promover a produción alimentaria local con criterios éticos e xustos.


O primeiro instrumento deste proxecto é a guía 'Como facer un rural xusto e ecolóxico', na que se mostran diferentes alternativas e exemplos de desenvolvemento rural: produción ecolóxica, transformación, distribución e venda, normativa básica, asesoramento, sustentabilidade económica, financiamento, etc. Ademais da guía, que está dispoñible en internet, realizáronse talleres por toda Galicia.



As orixes

A Cova da Terra naceu no ano 1995, como tenda pioneira en Galicia dedicada ao comercio xusto. Coincidiu coa época da campaña de reivindicación do 0,7% do gasto público para axuda ao desenvolvemento. En torno a dita campaña e á sensibilización sobre os retos do desenvolvemento, xorde o obxectivo de mellorar as relacións comerciais que están na raíz da pobreza.

Abriuse, polo tanto, unha pequena tenda de 30m², onde se vendía sobre todo café, chocolate e artesanía. Sempre mantivo moita relación con outras iniciativas e participou na fundación da coordinadora española de comercio xusto.



Actividade



Actualmente A Cova da Terra traballa o consumo responsable. Xunto ao comercio xusto tradicional, centrado nas relacións Norte-Sur, promóvese o consumo responsable local.

Deste xeito, comercialízanse os produtos agrocolóxicos da contorna de Lugo, dando así apoio a estas iniciativas rurais sustentables.

O eixo vertebrador das relacións comerciais xustas ten catro liñas de desenvolvemento. O principal instrumento de consumo responsable é a tenda. A Cova da Terra tamén é un local social no que se realizan diferentes actividades sobre consumo, soberanía alimentaria, muller, enerxía alternativa, banca ética ou cooperación internacional, entre outros. Como terceira liña, conta cun centro de recursos: Kandaharia, unha biblioteca sobre estas temáticas. Por último, A Cova da Terra desenvolve un traballo educativo e de sensibilización en torno a todas estas temáticas, con actividades nos centros de ensino, obradoiros en diferentes concellos rurais, etc.





Participación

A Cova da Terra é unha entidade de carácter asociativo. Ten un funcionamento democrático e desenvolve iniciativas propias. A súa actividade de consumo responsable autofinánciase. A través de ordes de axudas públicas, consegue financiamento para outras iniciativas. No caso da Guía e as charlas 'Como facer un rural xusto e ecolóxico' obtivo financiamento dos fondos de Cooperación ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia, asumindo a asociación o 10% do gasto total.

O papel da muller



A Cova da Terra presta unha especial atención ao papel da muller. Proba disto é o proxecto 'As mulleres alimentan o mundo', levado adiante en colaboración con outras ONGs. Neste proxecto fixéronse obradoiros con mulleres do medio rural. Traballouse o concepto da soberanía alimentaria e púxose en relación ás mulleres do rural galego con mulleres rurais de África, Asia e Latinoamérica.



Impactos

Territorio intelixente

A Cova da Terra é un exemplo do potencial do traballo en rede, e de como micro-proxectos moi pequenos ou illados, poden ir adiante a través da súa interrelación e dunha estratexia de vínculo e compromiso directo coas persoas consumidoras. Como un aspecto relevante do traballo en rede, está o intercambio de coñecemento, neste caso, centrado no fomento da agro-ecoloxía.

Territorio inclusivo

Potenciar o emprendemento no medio rural, como forma de inclusión laboral, é dos obxectivos, sobre todo dirixido a xente nova. Este medio rural é un espazo de oportunidade para a práctica dunha produción ecolóxica e un modelo de vida respectuoso co medio e coas persoas.

Territorio sustentable

A dimensión ecolóxica, xunto coa busca de modelos de relación económica máis xustos, é o modelo que se promove desde A Cova da Terra.